

## IRPF: Abono mensual anticipado da dedución por maternidade para traballadoras con fillos menores de 3 anos

### **Obxecto**

Trátase dunha prestación económica de 100 € ó mes por cada fillo menor de tres anos que se comezará a percibir despois de que as beneficiarias o teñan solicitado e que desde a Axencia Tributaria se comproben os datos presentados.

### **Beneficiarias**

Nais que traballen fora da casa con fillos menores de 3 anos. Poderán elixir entre solicitar esta paga anticipada de 100 € mes ou deducirse ó final de ano na súa declaración de IRPF un importe de hasta 1.200 € por cada menor, en función das cantidades e os meses cotizados á Seguridade Social ou a mutualidades durante ese exercicio.

Esta medida súmase á redución de 1.200 € que inclúe o novo IRPF para o coidado de nenos e da que poden beneficiarse tódalas nais con nenos menores de tres anos, traballen ou non fóra da casa.

### **Requisitos**

- Haber cotizado polo menos quince días nun mes á Seguridade Social, ou dez días no caso do réxime agrario.
- Gañar polo menos o SMI.

### **Prazo de solicitude**

Todo o ano.

### **Lugar de presentación**

O modelo de solicitude da Axencia Tributaria é o 140, e estará dispoñible tamén no Rexistro Civil, onde se poderá comunicar a Facenda o nacemento do fillo. O modelo pode ser presentado por vía telemática (con certificado de sinatura electrónica ou o DNI electrónico), en impreso ou por teléfono (901 200 345). Se se quere formular a solicitude por teléfono hai que aportar o nº de DNI, o importe consignado na casilla 698 da declaración do IRPF, a data de nacemento ou adopción do fillo/a, o nº de afiliación á Seguridade Social ou mutualidade e o nº de conta corrente.

Máis información: AEAT: 901 335 533 ou 901200345 [www.agenciatributaria.es](http://www.agenciatributaria.es)